

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DA XUNTA DE GALICIA

Sae publicada no DOG do 29 de xaneiro de 2020 a Resolución da Dirección Xeral da Función Pública pola que se fan públicas as **listas definitivas** para o desempeño transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Información publicada:

- Solicitantes admitidos/as na lista con indicación da puntuación resultante da aplicación do baremo establecido no artigo 9 e 9 bis do Decreto 37/2006.
- Solicitantes excluídos/as con expresión da causa de exclusión

As listas entrarán en vigor a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG (Diario Oficial de Galicia).

As listas poden consultarse no portal corporativo da Xunta de Galicia, no Servizo de Atención e Información á Cidadanía a través do teléfono 012 e nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia (oficinas dos edificios administrativos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

As **persoas solicitantes excluídas disporán do prazo dun mes**, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG **para solicitar a devolución das taxas por dereitos de inscrición**, e deberán consignar o nome e apelidos, NIF, número de conta bancaria (vinte díxitos) e localidade desta, e copia cotexada do modelo de autoliquidación da taxa.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante o Conselleiro de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

ENLACE Á RESOLUCIÓN DO DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200129/AnuncioCA01-240120-0002_gl.pdf

CONSULTA DAS LISTAS:

http://www.xunta.es/rcp/listas/rcp_li05/li05_principal.jsp

OU CONTACTAR COA ORIENTADORA LABORAL

CASA DE PEDRA 981737004 / 653260746

margarita.seijas@camarinas.net

LUNS A VENRES: 8:00 - 15:00